



## **NORMATIVA PARA CAMBIO DE GRUPO DE PRÁCTICAS**

O prazo para solicitar cambios é do **1 ao 21 de setembro** de 2016.

Considerarase a aceptación de cambios de grupo de prácticas motivados polas seguintes **causas**:

- Incompatibilidade laboral acreditada (con copia de contrato e horario de traballo selado pola entidade contratante).
- Cargas familiares debidamente xustificadas.
- Deportistas de Alto Nivel que acrediten esta condición.
- Superposición de horarios só no caso dos Cursos Ponte.

Estudaranse outras posibles causas alegadas polo alumnado, pero, en particular, **NON se aceptarán cambios motivados por**:

- Superposicións de horario de materias de diferentes cursos.
- Incompatibilidade laboral non acreditada.
- Simultaneidade con outros estudos.
- Problemas de transporte.

Por outra banda, considerarase a aceptación de **permutas** (intercambios) de grupos entre alumnado.

Os formularios de solicitude están dispoñibles no apartado de Organización Académica da web da Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte.

Unha vez cumprimentados entregaranse no Vicedecanato de Organización Académica e Infraestruturas (Despacho 108) ou na Secretaría do Decanato (Despacho 109).